

67 | 2023

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA SUBVENCIONAR O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023-2024.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Eudoxia María Neira Fernández, deputada con delegación especial en materia de Educación e Mocidade, de acordo ca resolución da presidencia número 29343, de 24 de xullo de 2023.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

I

Por Real decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), regulouse a situación e o réxime económico dos centros non estatais procedentes da transformación das seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media co obxecto de unificar o tratamento xurídico económico destes centros adecuándoos á



nova situación que se presentou como consecuencia da definitiva extinción das ensinanzas que deron orixe ás seccións filiais.

As seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media transformáronse en centros non estatais coa clasificación de homologados e, como tales, son obxecto dunha subvención do Estado para o desempeño das súas actividades nun réxime económico análogo ao dos institutos de ensino secundario.

II

Que, de acordo co punto anterior, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén asignando unha subvención ao centro Rafael Puga Ramón en virtude do Real decreto 657/1978, do 2 de marzo. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Así pois, coa finalidade de contribuír ao funcionamento do citado centro ambos os dous organismos deciden subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Son obxecto deste convenio as condicións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para subvencionar o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón, e as condicións da Deputación Provincial da Coruña para acreditar o cumprimento das obrigas propias do beneficiario.



Segunda.- A normativa pola que se rexe este convenio é a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Terceira.- O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2024, sen prexuízo de que os efectos económicos sexan desde o 1 de setembro de 2023.

Cuarta.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destinará un importe de **490.096,50 euros** para o funcionamento do citado centro, distribuíndose do seguinte xeito:

- ❖ **163.365,50 € para o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2023-2024**
(do 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2023).
- ❖ **163.365,50 € para o segundo cuadrimestre do curso escolar 2023-2024**
(do 1 de xaneiro ata o 30 de abril de 2024).
- ❖ **163.365,50 € para o terceiro cuadrimestre do curso escolar 2023-2024**
(do 1 de maio ata o 31 de agosto de 2024).

Estes importes faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria **10.08.422M.482.0** dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades correspondentes aos exercicios 2023 e 2024.

Antes da formalización do convenio e de cada un dos libramentos, a Deputación Provincial da Coruña deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de



xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os libramentos realizaranse do seguinte xeito:

- Un primeiro libramento, con carácter de anticipo, por importe de 163.365,50 euros, realizarase despois da entrada en vigor do presente convenio e trala presentación da declaración responsable indicada na cláusula quinta, apartado a) deste convenio.
- Un segundo libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao primeiro e segundo cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado b) deste convenio.
- Un terceiro libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao terceiro cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado c) deste convenio.

A percepción das contías indicadas é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Quinta.- A documentación que se presentará para cada un dos libramentos é a seguinte:

a) Para o primeiro libramento:

* Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.



b) Para o segundo libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

* Que os fondos recibidos como anticipo foron aplicados ao funcionamento do centro.

* O importe total dos gastos soportados pola deputación provincial imputables á actuación subvencionada durante os dous primeiros cuatrimestres do curso escolar.

Esta xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do segundo cuatrimestre do curso escolar (ata o 30 de xuño de 2024).

c) Para o terceiro e último libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

* O importe total dos gastos soportados pola deputación provincial imputables a actuación subvencionada durante o curso escolar 2023-2024.



3º) A documentación a que se refire o artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é dicir:

* Certificación expedida pola secretaría da deputación provincial, co visto e praxe do presidente, relativa a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola deputación provincial imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

- a) Identificación do/a acredor/a.
- b) Número de factura ou documento equivalente.
- c) Importe.
- d) Data de emisión.
- e) Data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- g) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta xustificación deberá presentarse dentro do período de vixencia do convenio (ata o 31 de outubro de 2024).

A deputación provincial conservará os xustificantes do gasto orixinado a disposición da consellería e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do



Tribunal de Contas, do Consello de Contas ou de calquera outro órgano competente, os cales, a través dos procedementos legais pertinentes, poderán realizar as comprobacións necesarias respecto ao destino e aplicación dos fondos aportados pola Xunta de Galicia.

Sexta.- O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos correspondentes compromisos adquiridos polos asinantes corresponderalle á comisión de seguimento, que estará integrada por dous/dúas representantes da deputación provincial, así como polos/as representantes que se determinen por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A presidencia da comisión corresponderá ao/á representante da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan suscitarse respecto do convenio.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- A Deputación Provincial da Coruña terá as obrigas do beneficiario establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar cando o estime conveniente a execución do convenio.

Novena.- En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a deputación provincial está obrigada a subministrar á



Xunta de Galicia, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Así mesmo, de conformidade co artigo 15 desta mesma lei, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial os datos do presente convenio, incluído o importe da subvención concedida, polo que a súa sinatura leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e a súa publicación na citada páxina web.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Por outro lado, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto deste convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións.

Así mesmo, o beneficiario deberá acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



Décima.- Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Real decreto 657/1978, do 2 de marzo, non é posible promover a concorrencia pública, polo que para a tramitación deste debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio por parte da Deputación Provincial da Coruña levará consigo o reintegro, total ou parcial, dos importes entregados.

Décimo segunda.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

Décimo terceira.- Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se



realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Para dar cumprimento ao establecido no presente convenio e en sinal de mutuo acordo entre as partes, asínase por triplicado e a un só efecto no lugar e data indicados ao comezo.

**Pola Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e
Universidades da Xunta de Galicia,**

**Pola Deputación Provincial
da Coruña,**

P.D.: Resolución da presidencia n.º
29343, do 24 de xullo de 2023

Román Rodríguez González

Eudoxia María Neira Fernández

Asinado por: RODRIGUEZ GONZALEZ, ROMAN
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 11/08/2023 08:31:56

Asinado por: NEIRA FERNANDEZ, EUDOXIA MARIA
Cargo: Delegada por delegación especial en materia de
Educación e Mocidade (DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA)
Data e hora: 10/08/2023 13:48:40



